


Autora: **RUTH VANDER ZEE**  
Ilustrador: **ROBERTO INNOCENTI**  
Tradución: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**

Encadernado en cartoné  
32 páxinas a toda cor. 25x26 cm.  
Dispoñible en:

- Galego: "A Historia de Erika". ISBN 978-84-8464-520-7
  - Castelán: "La Historia de Erika". ISBN 978-84-8464-521-4
  - Portugués: "A História de Erika". ISBN 978-972-8781-80-4
- Prezo: 16 €

## A HISTORIA DE ERIKA



**"Nacín en 1944. Non sei o día. Non sei que nome me puxeron. No sei en que cidade nin en que país vin ao mundo. Tampouco sei se tiven irmáns. O que sei é que cando a penas contaba cuns meses salváronme do Holocausto..."**

Historia estremecedora e impactante a de Erika, unha muller marcada polo seu pasado. A súa memoria imborrable é a dunha supervivente do maior xenocidio cometido no século XX, coa que KALANDRAKA agarda concienciar aos novos lectores de que nunca máis se repita tal traxedia e coa que conmemora os 60 anos da liberación do campo de exterminio de Auschwitz.

Destaca da portada un troquelado con forma de estrela de seis puntas, símbolo xudeu que os prisioneiros levaban prendido na roupa. De feito, a "Estrela de David" é un emblema que acompaña ao público lector, dende o principio ao final. "No seu camiño cara á morte, a miña nai lanzume á vida", escribiría Ruth Vander Zee evocando as palabras de Erika, á que coñeceu casualmente en Rothenburgo.

Frases curtas, contundentes e evocadoras dan conta do drama que afectou a seis millóns de persoas entre 1933 e 1945. Erika faise constantes preguntas sobre as condicións de vida da súa familia durante a reclusión no gueto e os últimos momentos que pasou en brazos dos seus pais no tren hacinado que os levaba a algún lugar de Alemaña para sufrir tortura: Mauthausen, Dachau...

As ilustracións de Innocenti reforzan os profundos sentimentos que a autora transmite co texto. O seu estilo é absolutamente realista, como fotogramas dunha película: colorea cunha paleta de grises as imaxes evocadoras da historia e reserva o color para escenas puntuais, xogando co pasado e mailo presente.

A obra publicouse en nove países e recibiu non só excelentes críticas, senón tamén varias distincións. En Alemaña foi seleccionado entre os sete mellores libros de 2004 e a revista Eselsohr, dedicada ao

ámbito da edición infantil e xuvenil, designouno 'Libro Destacado'.

KALANDRAKA ten editado en galego varios libros nos que está presente o drama da guerra, con personaxes que malia o seu sufrimento, son exemplos vitais de superación. O máis recente deles é o Diario de Ana Frank: a protagonista, de 13 anos, estrea o 12 de xuño de 1942 as páxinas dun diario ao que lle confiará os seus medos e inqedanzas mentres dura o peche da súa familia, de orixe xudeu-alemana, para evitar seren levados aos campos de concentración nazis.

Tamén ambientada na II Guerra Mundial, Muletas narra as peripecias dun neno, perdido en Viena, tratando de atopar a súa nai. Nesta novela sobre a amizade, o coñecido escritor alemán Peter Härtling describe para as novas xeracións as sensacións de desarraigo e nostalgia propias dos emigrantes e das vítimas da guerra. O ilustrador Iván Suárez elabora unhas imaxes impactantes e surrealistas que completan os testemuños dos personaxes.

Co vento de cara é outra obra dos mesmos autores, na que Härtling evoca dun xeito seco e áspero a súa propia nenez. Os protagonistas son refuxiados alemáns en Checoslovaquia que, en plena posguerra, agardan a que un tren os leve cara a unha vida mellor. É outro libro realista e de denuncia que, a través da mirada dun neno obrigado a madurar antes de tempo, amosa as miserias do que sucede a un conflito bélico, deixando un oco para a tenrura.

**RUTH VANDER ZEE** (Chicago, EEUU. 1944)

Comezou a afeccionarse á literatura gracias ao seu pai, que contaba contos constantemente, moitos deles repetidos. Mentres criaba a tres nenos, non

deixou que no seu fogar deixaran de escoltarse as súas propias historias. Cando xa tiña corenta anos decidiu estudar educación e máis tarde comezou a escribir contos infantís. Acada a súa proximidade á xente a través da música, a conversa ou as conferencias. Deu clases de Ensinanza Media durante moitos anos e actualmente exerce nunha escola pública de Miami.

- **Temática:** historia de una superviviente del exterminio judío en la Alemania nazi
- **Edad recomendada:** desde 10 años
- **Aspectos destacables:** a guerra, a memoria, a historia, os Dereitos Humanos; ilustracións hiperrealistas; valor simbólico da cor

**ROBERTO INNOCENTI** (Bagno a Ripoli, Florencia. Italia. 1940)

Sen ter ido nunca a unha escola de arte, comezou a traballar en Roma nun estudio de animación. Ao volver a Florencia, comezou a deseñar libros e a ilustrar carteis de cine e teatro. Tamén foi vendedor nunha galería de arte e grafista publicitario. Entre as súas obras máis importantes, ademáis de "A Historia de Erika", figura tamén "As aventuras de Pinocho", editada por KALANDRAKA en castelán e galego. Innocenti foi galardoado en 2008 co Premio Hans Christian Andersen de Ilustración.

[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

